


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

18 – 19 de xullo do 2020

XVI DO TEMPO ORDINARIO



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
E COA NATUREZA MALTRATADA



1.- ENCONTRO EN FAMILIA

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante:

Hoxe Xesús acérganos a unhas realidades que todos vivimos e que moitas veces non queremos recoñecer. Na parábola do xoio pon diante de nos a realidade do ben e do mal. Todos temos a experiencia de sentir na nosa vida estes dous camiños.

As outras dúas parábolas son para comparar o Reino de Deus coa mostaza e ao fermento que unha muller bota para que fermente o pan. Son tan pequenas que case non as temos en conta, pero a súa función é facer grande aos demais. Quere que teñamos en conta as cousas máis pequenas, porque moitas veces elas son as que dan sentido a nosa vida cotiá.

O domingo pasado queríamos ser sementadores de evanxeo, aprendendo a escoitar e vivir a Palabra de Deus. Que hoxe aprendamos a coidar as realidades máis pequenas e ordinarias da nosa vida para ser tamén sementadores de ben.

Reunímonos para escoitar e acoller, e facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

🎵 *Amigos nas penas*

Celebrante: *Todos somos capaces de cometer erros e ser egoístas na nosa vida e deixamos de lado ás persoas que nos rodean e non lle dedicamos tempo para acompañar os seus camiños e problemas. Para escoitar as palabras que Xesús nos dirixe hoxe cun corazón aberto imos pedir perdón e comprometernos:*

Monitor/a

- **Comprometémonos con Xesús a vivir querendo facer sempre o ben?**

SI, COMPROMETÉMONOS

- **Comprometémonos con Xesús a esforzarnos por non virarlle as costas ás persoas que están a espera de que alguén lles dea unha man?**

SI, COMPROMETÉMONOS

- **Comprometémonos con Xesús a seguir o seu exemplo de acollida pacífica, e a vivir sementando para hoxe e mañá recoller froitos de bondade?**

SI, COMPROMETÉMONOS

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen lugar no noso corazón e na nosa vida, e dos que sofren as consecuencias da pandemia. A todos, o Señor nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración confiando nas mans de Deus Pai a nosa oración e pedimos que de verdade saibamos dar importancia as cousas pequenas do noso día a día.*

(silenzo)

Deus, Noso Pai,
ten compaixón dos teus fieis
e échenos cos dons da túa graza.
Aviva en nós a fe, a esperanza e a caridade,
para que gardemos sempre a túa Palabra
con coherencia e responsabilidade persoal.
Pedímoscho polo mesmo Xesucristo,
Noso Señor. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

Monitor/a: *As Palabras de Xesús no Evanxeo de hoxe son para nós un motivo de esixencia na responsabilidade que temos con respecto a Deus e aos outros. Tamén nestes momentos se nos pide responsabilidade persoal e coherencia nas cousas pequenas para seguir coidando a nosa saúde e a dos outros.*

LECTURA DO LIBRO DA SABEDURÍA

Non hai, fóra de ti, un Deus que se considere de todas as cousas, a quen tiveses que probar que non xulgaches inxustamente; Xa que o teu poder é a fonte da xustiza, e seres ti o dono de todo lévate a amosarte indulxente.

Só fas proba da túa forza cando non se dá creto á totalidade dese poder confundindo a audacia dos que o coñecen; así, dominando a túa forza, xulgas con equilibrio gobernándonos con toda consideración, pois na man tes o poderío cando queres.

Con feitos semellantes ensinaches ao teu pobo que ao xusto lle cómpre ser humano; e a teus fillos décheslle a ditosa esperanza de concederlles despois dos pecados tempo de se arrepentir.

Palabra do Señor

🎵 *Na tardiña baixa da vida*

SALMO

(en pé) Leccionario I A páx 225 Mt 13, 24-43 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO

SEGUNDO MATEO

Naquel día Xesús contoulles outra parábola:

- Parécese o Reino dos Ceos a un home que sementou boa semente na súa leira. Pero mentres todos durmían, o seu inimigo veu sementar xoio (herba ruín) no medio do trigo

e marchou. Cando espigou a planta e deu trigo, apareceu o xoio tamén.

Os criados do dono fóronlle dicir: "Señor, ¿ti non sementaras boa semente na túa leira? ¿De onde lle vén, logo, o xoio tan ruín?"

El contestoulles: "Isto é obra dun inimigo".

Os criados preguntáronlle: "¿Queres que o vaíamos arrincar?"

El respondeulles: "Non, non sexa que ao coller o xoio arrinques tamén o trigo. Deixádeos medrar xuntos deica a sega, que no tempo da sega heilles dicir aos segadores: Apañade primeiro o xoio, e atádeo en monllos para queimalo; e o trigo recollédeo na miña arca".

E contoulles Xesús outra parábola:

- O Reino dos Ceos é semellante a un gran de mostaza que un home sementou na súa horta. A mostaza vén sendo a máis pequerrecha de todas as sementes; pero cando medra chega a ser meirande que todas as hortalizas, converténdose nunha árbore; de tal xeito, que mesmo os paxaros veñen facer o niño nas súas pólas.

Díxolles outra parábola:

- O Reino dos Ceos é semellante ao fermento que unha muller amasou en tres medidas de fariña ata que todo levedou.

Todo isto lle falou Xesús en parábolas á xente, e nada lle falaba que non fose por medio de parábolas. De xeito que se cumprise o que dixerá o profeta:

Abrirei a miña boca para dicir parábolas,
proclamarei cousas escondidas
desde que o mundo é mundo.

Entón, deixando á xente, foise para a casa. Achegáronse os seus discípulos e pedíronlle:

- Explícanos a parábola do xoio na leira.

El respondeu:

- O que sementa a boa semente é o Fillo do Home; a leira é o mundo; a boa semente son os fillos do Reino; o xoio son os fillos do Malo. O inimigo que a sementa é o Satán; a sega é a fin do mundo e os segadores son os anxos. E así como se entrecolle o xoio e se bota no lume, así pasará na fin do mundo. Mandará o Fillo do Home os seus anxos, e quitarán do seu Reino todos os escándalos e a todos os que fan o mal; e botaranos no forno do lume, onde será o pranto e o renxer dos dentes. Entón, os xustos resplandecerán coma o sol no Reino de seu Pai. Quen teña oídos que escoite.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



É o momento de mirar cara a nosa vida e ver se esta se corresponde co que a liturxia de hoxe nos está a mostrar.

De verdade coidamos as cousas pequenas, esas que cada día saen ao noso encontro, sobre todo no fogar?

Somos capaces de estar atentos as necesidades dos que conviven connosco?

Temos presente que na convivencia da familia é moi importante vivir os detalles de cariño e demostralos?

Preocupámonos dos nosos veciños e preguntamos polas súas necesidades?

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Nesta celebración na casa, deixémonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo e proclamemos coas nosas voces o credo que queremos vivir como igrexa de Xesús:*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a

Credes en Deus, no Deus que é Pai-Nai, que nos creou á súa imaxe, que nos ama e nos convida a dar froitos de Vida, de Paz e de Xustiza?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, que quixo compartir a nosa vida, que o fixo sentíndose irmán con todos, e que con palabras e feitos nos convida a dar froitos?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito de Deus, que nos dá forzas para facer e sentirnos unha comunidade na que todos somos importantes e necesarios?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa, comunidade que anuncia o amor, que proclama o perdón e que camiña enfortecida polo exemplo de tantos homes e mulleres que viven dando froitos de evanxeo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos por Xesús, no espírito de querer ser sementes de boas novas, imos rezar na casa dicindo:*

Señor, acóllenos contigo.

Monitor/a

- 1. Para ser igrexa que ofrece escoita, tolerancia e respecto, responsabilidade, oremos*
- 2. Polas persoas pacíficas, para que, co seu xeito de enfrontarse ás dificultades, nos deamos conta de que, tender mans, é un bo camiño, oremos*
- 3. Polas persoas que son coherentes, para que co seu xeito de vivir nos sigan dando alento para nós camiñar, oremos*
- 4. Polas persoas preocupadas polos demais, para que polas súas actitudes de compartir nos sigan demostrando que nós podemos facelo, oremos*
- 5. Para ser crentes no exemplo da responsabilidade persoal nestes tempos de pandemia, oremos*

Celebrante: *Grazas Señor porque hoxe, coma sempre, estás á nosa beira escoitándonos e acollendo as nosas preocupacións e desexos e nos convidas a dar froitos de boas obras. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante: *O sabernos irmáns é unha razón que nos leva a realizar boas obras para aos outros. Somos fillos dun mesmo Pai e por iso rezamos:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Xesús sementa paz coas súas palabras. Que nós saibamos ser sementes desa mesma vida con todos aqueles que a sociedade ten menos en conta e se senten cansos da vida. Podemos agora preguntarnos que espera de nós a humanidade?, que froitos se esperan de cada un de nós?, que lle podemos ofrecer de bo a esta terra e a este tempo?*

NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN

Celebrante: *No noso compromiso de facer crible a fe compartimos coma familia. Participar hoxe na celebración é querer ser coidadosos con todos e dar froitos de ben na nosa sociedade.*

Ditosos nós que en familia queremos encontrarnos con Deus.

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Oremos:

Señor, dámosche as grazas porque asistes con bondade ao teu pobo.

Ti que nos enriqueces con este compartir de fe, axúdanos a dar froitos de boas obras sendo capaces de superar incoherencias e egoísmos.

Grazas polo exemplo que nos dás en Xesús, o teu fillo benquerido, que vive e reina con nós por sempre eternamente.

Con Xesús queremos dar grazas pola vida sinxela das persoas que nos teñen ensinado a vivir,

con Xesús o evanxeo facémolo crible cos feitos da xustiza, da fraternidade e da tolerancia,

con Xesús damos grazas a Deus Pai por todas as persoas que nos axudan a ser crentes de verdade.

***Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.***



“Polos froitos seremos coñecidos”

Parábola de Xesús no evanxeo de hoxe.

